

Calendario

Novembro: Convocatoria de Certames.

5-12-2014

17,00 - Igrexa parroquial de Begonte:
– Misa polos socios e amigos do Belén falecidos.

18,00 - Salón de actos do Centro Cultural José Domínguez Guizán:

- Pregón do Nadal a cargo de ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO, Presidente da Xunta de Galicia.
- Recital de panxoliñas do ORFEÓN LUCENSE, coro oficial da Catedral de Lugo, dirixido por Marcos Fernández Mosquera.



De seguido,

- Apertura do Belén Electrónico na súa XLIII edición, e do Museo José Rodríguez Varela-Museo do Belén.

30-12-2014

- Sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo. Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXV Certame Galego de Arte “José Domínguez Guizán”.

16-1-2015

- Casa da Cultura de Begonte. Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXV Certame Galego de Arte “José Domínguez Guizán”.

31-1-2015

- 17,00 – Centro cultural “José Domínguez Guizán”:
 - Entrega de premios dos certames culturais.
 - Clausura de actividades da XLIII edición de “O Nadal en Begonte”.
 - Actuación da Agrupación da Asociación Músico Crisanto - Escolas Municipais de Música de Begonte e Rábade, dirixida por Armando Morales.

ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA



Organiza:



Centro Cultural
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Entidades colaboradoras:



Concello de Begonte



XUNTA DE GALICIA



CAIXA RURAL GALEGA

O Nadal en Begonte

Declarado de Interese Turístico Galego
pola Xunta de Galicia



XLIII EDICIÓN
5-12-2014 / 31-1-2015

Actividades

- Pregón do Nadal a cargo de ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO.
- Actuación do ORFEÓN LUCENSE, dirixido por Marcos Fernández Mosquera, na xornada inaugural.
- BELÉN ELECTRÓNICO (XLIII edición). Creador: José Rodríguez Varela (In memoriam).
- MUSEO JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA (Museo do Belén).
- XXXIX CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL.
- XXXIX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL.
- XXXIX CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL.
- XXV CERTAME GALEGO DE ARTE “José Domínguez Guizán”.
- EXPOSICIÓN das obras presentadas ao Certame Galego de Arte “José Domínguez Guizán” na Casa da Cultura de Begonte e na sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo.
- Edición do libro O NADAL, cos traballos premiados na XXXVIII edición dos Certames de Xornalismo e Poesía sobre O Nadal.
- Actuación da Agrupación da Asociación Músico Crisanto - Escolas Municipais de Música de Begonte e Rábade, dirixida por ARMANDO MORALES, na xornada da entrega de premios e clausura de actividades.

Arte

O Centro Cultural de BEGONTE convoca o

XXV CERTAME GALEGO DE ARTE “JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN”

de acordo coas seguintes BASES:

1. O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos (nados en Galicia ou residentes habituais), de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m por 1 m, con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas –libres de gastos– ó Centro Cultural de Begonte. Seranlles devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación remata ás 12 horas do día 25 de decembro de 2014. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas a gañadora do Certame.
7. A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

NOTA: Organizarase en Begonte e Lugo unha exposición coas obras presentadas ó certame ou, se o número o impide, unha selección das mesmas.

Poesía

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE –entidade que promove o Belén Electrónico– co gallo do Nadal 2014, ven de convocar o

XXXIX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes BASES:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro do ano 2015.
7. Todos os traballos presentaranse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

Xornalismo

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXXIX CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO. 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro do 2015, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación deberá facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

Debuxo infantil

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE –entidade promotora do Belén Electrónico– co patrocinio da CAIXA RURAL GALEGA, co fin de potenciar o espírito do Nadal nos nenos, convoca o

XXXIX CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE “O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

1. Poden concurrir todos os nenos, a través dos seus colexios.
2. Establécense dúas categorías:
 - A.– Ata os 10 anos.
 - B.– De 11 a 15 anos.
3. Concederanse os seguintes premios:
 - A.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.
 - 5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.
 - B.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.
 - 5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.
4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico “O Nadal”. O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartolina.
5. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.
6. A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do ano 2014, debendo ser entregados ou remitidos ó Centro Cultural “JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN” de BEGONTE (Lugo).